

«A Constitución española de 1931 reconecía o dereito electoral das españolas en condicións de total igualdade cos homes. É precisamente esta condición de igualdade a que dividirá a Cámara e dará pé a un debate acedo cando toque aprobar o artigo correspondente. Entre as diversas intervencións, atraerán a atención as de Clara Campoamor, pola forza coa que defende a redacción inicial e a súa inequívoca decisión de a apoiar, mesmo contra a opinión do seu partido, e a de Victoria Kent, contraria á igualdade electoral entre os sexos por considerar que entrañaba un perigo para os intereses inmediatos da República. Na súa intervención do 30 de setembro rexeitaba a emenda do Sr. Ayuso que solicitaba elevar a idade electoral das mulleres até os corenta e cinco anos porque, segundo dicía, os científicos afirmaban que antes desa idade crítica, as mulleres latinas non estaban perfectamente capacitadas».

«A mobilización e para a consecución do voto feminino foi unha conquista política e social extraordinaria, innegábel, que involucrou a favor e en contra a miles de mulleres e homes. Tratábase, en definitiva, de dar pleno sentido aos principios de liberdade, igualdade e fraternidade, tan repetidos polas consciencias liberais da época e tan incumpridos sen a participación da muller».

Fragmentos extraídos de "O voto das mulleres 1877-1978"

No ano 2006 cumpríronse 75 anos desde que as mulleres españolas exerceron por vez primeira o seu dereito a voto. Isto foi posíbel grazas á intervención pioneira de determinadas mulleres en política: Clara Campoamor, Margarida Nelken, María Lejárraga, Victoria Kent, Matilde de Latorre, Dolores Ibarruri ou Federica Montseny entre outras. Fai unha pequena biografía de cada unha delas.

Realiza un labor de busca sobre as datas en que se aprobou o voto feminino en distintos países do mundo. Investiga tamén cal é a composición actual do parlamento español e do galego. Compárados con parlamentos doutras comunidades ou doutros países europeos próximos ao noso.



O U T U B R O

L	M	Me	X	V	S	D
1 1931 Clara Campoamor defende nas Cortes o dereito ao voto feminino	2 381-385 Exería de Gallaecia escribe o seu diario de viaxe a Exipto e Palestina	3 1874 Trinidad M ^a Enríquez, por Resolución Suprema, accede á Universidade Peruana	4 1946 Nace Susan Sarandon, actriz comprometida pola paz e os DD.HH.	5 1789 Na Rev. Francesa, miles de mulleres marchan a Versalles	6 1565 Nace Marie Le Jars de Gournay, literata, filósofa e alquimista	7 María Mariño. "Palabra no Tempo", "Verba que comeza"...
8 2004 Wangari Maathai, ministra keniana, recibe o Nobel da Paz	9 1653 Pasamento de Lucrecia Marinelli, poeta, filósofa e humanista italiana	10 1931 As mulleres españolas logran o dereito ao voto	11 1928 Morre Adela Zamudio, escritora boliviana. Enfrontouse aos conservadores	12 s. X Ilduara e Elvira Nunes, educadoras de santos, reis e señores na Galiza atomedieval	13 s. XVIII M ^{te} Teresa Caamaño e M ^{te} Fca Isla, ilustradas galegas. Queimaron a súa obra	14 1906 Nace Hannah Arendt filósofa alemá, grande intelectual do século XX. Escribe en 1967 "A orixe do totalitarismo".
15 1888 Nace Teresa Iglesias Recio. Doutora especialista en doenzas da muller	16 1992 Rigoberta Menchú, líder indixenista guatemalteca. Nobel da Paz	17 1978 Inaugúrase a Librería de Mulleres de Madrid	18 1890 Nace Ernestina Otero Sestelo, representante galega da Institución Libre de Enseñanza	19 1997 Pasamento da directora de cinema Pilar Miró. "El pájaro de la felicidad"	20 1793 Durante a Rev. Francesa, o goberno dissolve os Clubes Femininos	21 "O persoal é político", Kate Millet
22 1542 É destituída Sayyida al-Hurra, gobernadora de Tetuán	23 1900 Nace Delia Weber. Poeta e pintora. Participou en Acción Feminista Dominicana	24 1983 Créase no Estado Español o Instituto da Muller	25 1938 "Te vas Alfonsina con tu soledad, qué poemas nuevos fuiste a buscar"	26 1904 Nace en Carril María Arauxo, guerrilleira fuxida en Galiza e miliciana en Cuba	27 1968 Falece Lise Meitner. Investigou sobre radiactividade e física nuclear	28 Millares de mulleres son queimadas con ácido cada ano na India
29 1958 Morre Zoe Akins, autora dramática e guionista. Premio Pulitzer de Teatro	30 1989 Morre en Lugo Enriqueta Otero, guerrilleira republicana, defensora dos dereitos civís	31 1711 Nace Laura Bassi, traduci e estudou a física de Newton, implantándoa en Italia				